



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

**EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL (ART)**

CURSO:

**5º EP**

ANO ACADÉMICO:

**2020/21**

## ÍNDICE

1.	CONTEXTO.....	3
	• CENTRO.....	3
	• ALUMNADO.....	4
	• OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO....	4
2.	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	5
2.1.	PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.....	5
2.2.	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	6
	• 1ª avaliación.....	6
	• 2ª avaliación.....	7
	• 3ª avaliación.....	8
3.	METODOLOXÍA PRESENCIAL.....	8
	• Aspectos xerais.....	9
	• Estratexias metodolóxicas.....	10
	• Exemplo de secuenciación de traballo na aula.....	11
	• Outras decisións metodolóxicas.....	11
	• Agrupamentos.....	11
	• Tempos.....	11
	• Espazos.....	12
4.	METODOLOXÍA NON PRESENCIAL.....	12
4.1.	Plataforma de ensino.....	12
4.2.	Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia.....	12
4.3.	Plataforma/medio de comunicación coas familias.....	12
4.4.	Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade.....	12
4.5.	Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade.....	12
5.	AVALIACIÓN.....	13
5.1.	AVALIACIÓN INICIAL.....	13
5.2.	AVALIACIÓN CONTINUA.....	14
	• Criterios de avaliación.....	15
	• Instrumentos de avaliación.....	25
6.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	25
7.	AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	28
7.1.	INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO.....	28
7.2.	INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE.....	28
8.	AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	29
	• Periodicidade coa que se revisará.....	29
	• Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.....	29
	• Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.....	29
	• Indicadores.....	30
9.	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	31
9.1.	MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS.....	31
10.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	32
11.	CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	33

## 1.CONTEXTO

- **CENTRO:**

### **Situación:**

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

### **Centro adscrito:**

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

### **Ensinanzas que oferta:**

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumnado pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

### **Características singulares:**

#### **Programas nos que participamos:**

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- **ALUMNADO**

**Poboación inmigrante:**

En relación ao alumnado procedente do estranxeiro cabe sinalar que é unha poboación moi pequena no noso centro e de diversas procedencias: Uruguay, Cabo Verde, Vietman, Suiza, Brasil, China, outras CC.AA...a situación de cada unha das familias é variopinta, emigrantes retornados, por negocios, acollidas, adopcións,...

**Alumnado con NEAE no curso actual:**

Na actualidade, e segundo o departamento de orientación, temos un total de 24 casos diagnosticados que están escolarizados no centro e en tramitación de becas para axuda externa. Aínda así hai alumnos que están pendentes de diagnóstico.

- **OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **2.SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN**

### **2.1. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.**

Os estándares imprescindibles que quedaron sen traballar/acadar no curso 19/20 foron:

- EPB2.2.6. Realiza composicións plásticas con figuras xeométricas, apreciando o valor expresivo da cor.
- EPB2.2.7. Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría.
- EPB2.3.3. Procura imaxes en soporte dixital para as organizar e as transformar nunha produción propia (novela, historieta, cartel, mural, esquematización dunha lección da clase etc.).

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

## 2.2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

### 1ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
		BLOQUE *1, 2 e 3		9 ao 12	
Perspectiva e sombreado	B1.3. Análise da interrelación dos códigos e a intencionalidade comunicativa.  B1.5. Exploración das posibilidades expresivas da liña segundo a forma, a dirección, a situación espacial e a sensación de movemento e de repouso.				
Debuxo xeométrico	B2.3. Disposición á orixinalidade e á espontaneidade á hora de plasmar ideas.  B2.6. Establecemento de revisións e reflexión sobre o traballo.  B2.7. Análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a situación no espazo.  B2.8. Representación con distinta intencionalidade de formas abertas e pechadas, e dos límites e contornos e superficies.  B2.9. Uso de texturas para caracterizar obxectos e imaxes.  B2.10. Aplicación da posibilidade expresiva da liña, segundo a forma, a dirección, a situación no espazo e a sensación de movemento ou repouso.  B2.11. Recreación de espazos imaxinados aplicando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.  B2.12. Constancia e esixencia progresiva no proceso de realización de tarefas plásticas aplicando estratexias creativas e respectando as normas previamente establecidas.  B2.13. Seguimento das normas e das instrucións de manexo e conservación de instrumentos, materiais e espazos.  B2.14. Asunción de responsabilidades no traballo individual e colectivo.  B2.15. Elaboración de deseños previos á realización dunha obra para chegar ao resultado final con orde e limpeza.  B2.16. Establecemento de protocolos de organización, orde, limpeza e presentación.  B3.1. Exploración das posibilidades da liña recta para iniciar os traballos de xeometría.		Decreto 105/2014  Libros de texto do banco de libros  Titoriais de Youtube		Aproximadamente 2-3 sesións para cada actividade (1 sesión semanal)
Uso da cuadrícula					

	B3.2. Seguimento de normas e das instrucións de manexo das ferramentas básicas do debuxo técnico.		
--	---	--	--

## 2ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
		BLOQUE *1, 2 e 3		1 ao 4	
Construción tridimensional	B1.2. Exploración das posibilidades de materiais, texturas, formas, cores etc. sobre diferentes soportes. B1.3. Análise da interrelación dos códigos e a intencionalidade comunicativa. B1.4. Interese por aplicar ás representacións plásticas os descubrimentos obtidos na exploración de materiais.				
Texturas	B1.5. Exploración das posibilidades expresivas da liña segundo a forma, a dirección, a situación espacial e a sensación de movemento e de repouso. B2.1. Uso de texturas para caracterizar imaxes e obxectos, e para o tratamento de imaxes dixitalizadas. B2.2. Preparación de documentos propios da comunicación artística: carteis, programas e guías. B2.3. Disposición á orixinalidade e á espontaneidade á hora de plasmar ideas.		Decreto 105/2014  Libros de texto do banco de libros		
Elaboración dun anuncio  Uso das TIC	B2.4. Comparación entre as formas que a representación do espazo adopta en diferentes áreas ou ámbitos, como mapas de estradas, guías, pintura de paisaxes e planos. B2.5. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva. B2.6. Establecemento de revisións e reflexión sobre o traballo. B2.10. Aplicación da posibilidade expresiva da liña, segundo a forma, a dirección, a situación no espazo e a sensación de movemento ou repouso. B2.11. Recreación de espazos imaxinados aplicando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción. B2.12. Constancia e esixencia progresiva no proceso de		Titoriais de Youtube		Aproximadamente 2-3 sesións para cada actividade (1 sesión semanal)

	<p>realización de tarefas plásticas aplicando estratexias creativas e respectando as normas previamente establecidas.</p> <p>B2.13. Seguimento das normas e das instrucións de manexo e conservación de instrumentos, materiais e espazos.</p> <p>B2.14. Asunción de responsabilidades no traballo individual e colectivo.</p> <p>B2.15. Elaboración de deseños previos á realización dunha obra para chegar ao resultado final con orde e limpeza.</p> <p>B2.16. Establecemento de protocolos de organización, orde, limpeza e presentación.</p> <p>B2.17. Documentación sobre producións artísticas nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación para un sinxelo tratamento das imaxes, o deseño, a animación e a difusión dos traballos elaborados.</p> <p>B3.1. Exploración das posibilidades da liña recta para iniciar os traballos de xeometría.</p> <p>B3.2. Seguimento de normas e das instrucións de manexo das ferramentas básicas do debuxo técnico.</p>		
--	--	--	--

### 3ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
		<b>BLOQUE * 1, 2 e 3</b>		4 ao 6	
Simetría	B1.1. Indagación sobre as posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos.				
	B1.2. Exploración das posibilidades de materiais, texturas, formas, cores etc. sobre diferentes soportes.				
	B1.3. Análise da interrelación dos códigos e a intencionalidade comunicativa.		Decreto 105/2014		
Figura humana	B1.4. Interese por aplicar ás representacións plásticas os descubrimentos obtidos na exploración de materiais.		Libros de texto do banco de libros		Aproximadamente 2-3 sesións para cada actividade (1 sesión semanal)
	B1.5. Exploración das posibilidades expresivas da liña segundo a forma, a dirección, a situación espacial e a sensación de movemento e de repouso.				
Texturas	B1.6. Documentación, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanais representativas da expresión cultural.		Titoriais de Youtube		
	B1.7. Realización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un informe, para recoller actividades de centro, para ilustrar unha noticia,...				
	B2.1. Uso de texturas para caracterizar imaxes e obxectos, e para o tratamento de imaxes dixitalizadas.				



<p><b>Construción tridimensional</b></p>	<p>B2.3. Disposición á orixinalidade e á espontaneidade á hora de plasmar ideas.</p> <p>B2.6. Establecemento de revisións e reflexión sobre o traballo.</p> <p>B2.9. Uso de texturas para caracterizar obxectos e imaxes.</p> <p>B2.10. Aplicación da posibilidade expresiva da liña, segundo a forma, a dirección, a situación no espazo e a sensación de movemento ou repouso.</p>		
<p><b>Fotografía</b></p>	<p>B2.11. Recreación de espazos imaxinados aplicando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.</p> <p>B2.12. Constancia e esixencia progresiva no proceso de realización de tarefas plásticas aplicando estratexias creativas e respectando as normas previamente establecidas.</p> <p>B2.13. Seguimento das normas e das instrucións de manexo e conservación de instrumentos, materiais e espazos.</p> <p>B2.14. Asunción de responsabilidades no traballo individual e colectivo.</p> <p>B2.15. Elaboración de deseños previos á realización dunha obra para chegar ao resultado final con orde e limpeza.</p> <p>B2.16. Establecemento de protocolos de organización, orde, limpeza e presentación.</p> <p>B2.17. Documentación sobre producións artísticas nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación para un sinxelo tratamento das imaxes, o deseño, a animación e a difusión dos traballos elaborados.</p> <p>B3.2. Seguimento de normas e das instrucións de manexo das ferramentas básicas do debuxo técnico.</p>		

### 3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- **Aspectos xerais:**

Este curso 2020/2021 continúaase no nivel de sexto co **proxecto E-DIXGAL**. Aínda que o noso alumnado xa traballou con este proxecto o curso anterior, e non é un aspecto completamente novidoso, a adquisición de destrezas neste ámbito quedou incompleta co confinamento do curso pasado, polo que ao comezo deste curso destínase certo tempo a explicar ou lembrar determinados aspectos que poden ser útiles tanto nun ensino presencial como a distancia: entrega de tarefas, conversión de arquivos, manexo de LibreOffice, etc.

Nas actividades de Art integraranse os contidos traballados na materia de inglés, xerando unha retroalimentación entre ambas as dúas, dentro do marco da sección bilingüe. Esta materia impártese en inglés e castelán.

Ademais, traballarase o Camiño de Santiago (tema anual do centro).

- **Estratexias metodolóxicas**

Cada alumno levará todos os días o equipo para realizar tarefas extraescolares e estudar na súa casa e traerá todos os días o equipo cargado para poder seguir as clases no centro. As familias responsabilizaranse do correcto uso dos equipos e a súa custodia tal como queda recollido no marco deste proxecto.

Porén, sen esquecer que o noso alumnado está aínda na etapa da Educación primaria e ten que desenvolver destrezas básicas para as aprendizaxes presentes e futuras, e tomando como punto de partida as indicacións recollidas no marco legislativo vixente (*vid.* Introducción), a programación docente desenvolverase a través dunha metodoloxía activa e participativa, na que o alumno ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe.

Procurarase fomentar unha aprendizaxe baseada na **manipulación, a aprendizaxe cooperativa, a teoría das intelixencias múltiples e aprender a pensar.**

- **Aprendizaxe partindo da manipulación:** utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.
- **Aprendizaxe cooperativa:** propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.
- **Teoría das intelixencias múltiples:** busca adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se enfrontar a novos retos.
- **Aprender a pensar:** mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de “pensar”. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

Ademais das anteriores estratexias metodolóxicas, potenciarase no alumnado a mecanización das ferramentas básicas nas diferentes áreas, a través de diferentes exercicios adaptados ás necesidades de cada alumno, a través de fichas ou de propostas das titoras no propio caderno do alumno.

- **Exemplo de secuenciación de traballo na aula**

A secuenciación do traballo na materia de Art comeza cunha introdución dos conceptos artísticos a traballar e da actividade a realizar a través dun “brain storming” (choiva de ideas), dun videotutorial en inglés, dun modelado por parte da mestra, ou dunha mestura de todos eles.

O bocetado de actividades comeza a facerse na aula, continuando na casa o popularmente coñecido como “traballo en sucio”, para realizar na aula as actividades “a limpo”.

Despois, adoita facerse unha exposición dos traballos, xa sexa telemática na plataforma EVA-Edixgal, xa sexa na propia aula. No caso de traballos en equipo, o alumnado preséntaos aos demais e realízase unha coavaliación.

- **Outras decisións metodolóxicas:**

Ao ser propia da etapa de Educación Primaria o ensino cíclico e en espiral, no que unhas aprendizaxes se van sustentando noutras, integraremos nos estándares de 6º aqueles de 5º que quedaron sen traballar/acadar, integrándoos dentro dos primeiros.

No caso de Art, as reunións do equipo de Bilingüismo do centro serven para coordinar o tipo de actividades e de contidos traballados en inglés, de xeito que a interrelación entre ambas as dúas materias sexa maior.

- **Agrupamentos:**

Para desenvolver estas técnicas de aprendizaxe, será necesario agrupar aos alumnos en función do momento e da necesidade, e poderanse dispoñer de distintos modos, sempre tendo en conta as recomendacións sanitarias:

No caso desta materia, o traballo será fundamentalmente individual, ao ter que evitar o uso compartido dos materiais, se ben nalgunhas ocasións realizaranse actividades en parellas ou pequenos grupos para favorecer a socialización e a colaboración.

- **Tempos:**

A área de Plástica conta cunha sesión no horario semanal.

- **Espazos:**

As clases de Plástica terán lugar fundamentalmente na aula, se ben estarán abertas á súa realización nalgunha outra zona do colexio, nunha visita a un museo, ou nalgunha saída, de xeito puntual.

#### **4.METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:**

##### **4.1. Plataforma de ensino:**

Ao estar inmersos neste proxecto, empregaremos co alumnado de 6º a plataforma EVA- Edixgal.

##### **4.2. Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:**

Para as videoconferencias , empregaremos a plataforma CiscoWebex.

##### **4.3. Plataforma/medio de comunicación coas familias:**

Para a comunicación coas familias empregaremos a plataforma CiscoWebex, a aplicación Abalar Móbil, o noso correo corporativo e, de ser o caso, algunha chamada telefónica..

##### **4.4. Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:**

O alumnado con conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal, na que se irán subindo os contidos, as explicacións e as tarefas ou recursos educativos necesarios en cada momento.

Os exercicios ou tarefas faranse de xeito online, enviando arquivos a través da modalidade “tarefa”.

##### **4.5. Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:**

O alumnado sen conectividade non ten acceso a vídeos na súa versión Offline, polo cal se lle farían chegar outro tipo de materiais (fotocopias) e, de ser posible, enviaríanselle ás familias ligazóns a videotutoriais a través do correo corporativo, que poderían visualizar nos seus teléfonos móbiles.

## 5. AVALIACIÓN

### 5.1. AVALIACIÓN INICIAL

**Data prevista de realización:**

Ao longo das 2 primeiras semans de clase faise unha observación directa das destrezas adquiridas polo alumnado no referido ao debuxo xeométrico, un dos contidos fundamentais deste curso.

**Tipo de proba (descripción):**

Bocetado de letras en 3D a partires da explicación da mestra e do apoio visual dun vídeo, para comprobar se son quen de trazar rectas paralelas e perpendiculares con regra, escuadra e cartabón, así como ser quen de medir e organizar o espazo de xeito simétrico.

**Mecanismo para informar ás familias:**

A mestra de Plástica transmite a información á titora, que a comentará coas familias chegado o caso.

**Consecuencias dos resultados das probas:**

O observado serviralle á mestra para coñecer as destrezas a reforzar e o punto de partida do alumnado, así coma os diferentes niveis do grupo clase no referido ao debuxo xeométrico.

## 5.2. AVALIACIÓN CONTINUA

### **Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)**

Nesta área non se realizarán probas escritas, senón que se avaliarán as producións plásticas do alumnado, así coma os seus coñecementos artísticos, a través dos instrumentos de avaliación recollidos no seguinte apartado. A avaliación realizarase ao finalizar o trimestre.

### **Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)**

Os traballos cualifícanse a través de rúbricas e listas de control, así como portfolios e outros instrumentos de avaliación recollidos no seguinte apartado.

### **Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información**

A avaliación levarase a cabo empregando instrumentos como listas de control, rúbricas, observación directa, portfolios... tendo como guía a adquisición dos estándares de aprendizaxe recollidos nesta programación.

### **Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)**

A ponderación dos estándares recóllese no seguinte apartado. O redondeo será á alza se a cualificación é de x,5.

• **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  <b>PLÁSTICA 5º</b>  (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
<b>BLOQUE 1. Educación audiovisual (20%)</b>							
EPB1.1.1. Recoñece as imaxes fixas e en movemente e clasifícaas			X		Diferencia entre imaxe fixa e en movemente.	1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
EPB1.1.2. Debuxa aspectos da vida cotiá.	X	X	X		Debuxa aspectos da vida cotiá.	2%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra.		X	X		Identifica os recursos e materiais utilizados.	5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
EPB1.2.2. Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.	X	X	X		Emprega diferentes materiais, texturas, formas e cores nas súas producións.	5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  <b>PLÁSTICA 5º</b>  (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
EPB1.3.1 . Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía.			X		Valora a evolución da fotografía e as posibilidades do formato dixital actual.	1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
EPB 1.3.2. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis axeitado para o propósito inicial.			X		Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos para enriquecer un traballo.	5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
EPB 1.3.3. Recoñece os diferentes temas da fotografía.			X		Recoñece o bodegón e o retrato.	1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  <b>PLÁSTICA 5º</b>  (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (percentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
<b>BLOQUE 2. Expresión artística (60%)</b>							
EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.	X	X			Realiza composicións que transmiten emocións usando diferentes materiais.	0,1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
EPB2.1.2. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio.		X			Confecciona un cartel de un anuncio seguindo un modelo.	0,2%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
EPB2.2.1. Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo.		X			Confecciona planos e/ou mapas sinxelos e con axuda visual, usando cuadrícula, regra, escuadro e/ou cartabón.	0,2%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
EPB2.2.2. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula).		X			É quen de utilizar a cuadrícula para situar elementos no espazo con precisión.	0,2%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  <b>PLÁSTICA 5º</b>  (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (percentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
EPB2.2.3. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo	X	X	X		Participa dentro do equipo seguindo as pautas do traballo cooperativo	10%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
EPB2.3.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas.	X				Recoñece a sensaciónn espacial de composicións volumétricas que se fai con claroscuro e experimenta con ela	0,1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
EPB2.3.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volume.	X				Experimenta coa superposición de planos para crear volume.	0,2%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCT</li> </ul>
EPB2.3.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	X				Utiliza a liña horizontal para proporcionar sensación de profundidade con bastante precisión.	0,2%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCT</li> </ul>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  <b>PLÁSTICA 5º</b>  (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
EPB2.3.4. Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición.	X	X	X		É que de combinar cores primarios, secundarios, negro e branco para conseguir a tonalidade que quere con certa precisión.	6%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
